

Paco Martín recibe en Lugo a letra 'E' da AELG

26.06.2011

E.P.

Santiago. Paco Martín recibiu onte en Lugo, a súa localidade natal, a homenaxe *O escritor na súa terra*, unha iniciativa impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Así o decidiu a Asemblea de Socios e Socias desta entidade, que leva 16 anos realizando este tipo de homenaxes anuais para "honrar" escritores galegos dentro do ámbito da súa localidade natal.

O programa de actos comezou ás 11.30 horas na avenida Ramón Ferreiro, coa plantación dunha árbore simbólica para o autor, que escolleu un carballo, e o descubrimento dun monolito conmemorativo.

Posteriormente, ás 12.30 horas, no salón de plenos do Concello de Lugo, a asociación de escritores entregoulle a este autor da letra *E*, que converte a Paco Martín en socio de honra da AELG.

Así mesmo, informouse a tódolos asistentes á homenaxe de onte da inauguración dunha biblioteca no barrio da Piringalla co nome de Paco Martín.

O escritor é un dos catro Premios Nacionais de Literatura Infantil e Xuvenil das letras galegas, xunto a

Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo e Fina Casalderrey.